

1.^a edición, 1.^a impresión, 2024

© Carmen Verde, 2022

© Neri Pozza Editore, 2022

Publicado mediante acordo especial con Neri Pozza Editore
en colaboración cos seus axentes debidamente designados:
MalaTesta Lit. Ag. e The Ella Sher Literary Agency

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas as vantaxes de
subscribirte ao CLUB AIRA

© Pola tradución do italiano: Maite Jiménez Pérez

Deseño e ilustración da tapa: Isabel Blanco

Esta obra recibiu unha axuda á tradución da
Consellaría de Cultura, Educación, Formación
Profesional e Universidades



**XUNTA
DE GALICIA**

Impresión: La Imprenta CG

ISBN: 978-84-127695-4-8

DL: OU 21-2024

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

UNHA MÍNIMA INFELICIDADE

CARMEN VERDE

TRADUCIÓN:
MAITE JIMÉNEZ PÉREZ



*A Anna, a Lorenza,
imposible non estardes máis aquí.*



Deus é a altura suprema. Deus é o Altísimo.
Non é espantoso?

Nas fotos miña nai e mais eu sentamos sempre preto: ela pálida, mal a gusto, cunha mirada que semella estar pedindo desculpas.

Naquela época ela aínda lle pregaba a Deus que os meus ósos se alongasen. Pero Deus non tiña nada que ver. Se cómpre obstinación para non medrar, eu tiña incluso de máis.

Nunca me considerei fea, nin dubidei nunca de que me parecía a miña nai, malia non ter os seus nocellos finos, as súas proporcións elegantes. O noso era un parecido enganoso, incomprendible: a clase de parecido que lle aperta o corazón a quen logra recoñecelo.

Durante os cinco anos da primaria veu buscar-me á escola todos os días. A fiestra da miña clase daba á rúa, así que entre o meu pupitre e o banco no que ela sentada agardaba por min non había máis de cincuenta metros en liña recta. Púñame contenta cando a enxergaba alén do vidro, aínda que de súpeto me invadía o medo, a angustia case, de que decidise marchar e me deixase alí soa. Xamais crin que miña nai me pertencía por dereito.

No inverno, nos días de vento, o po da estrada pegábase-lle nas medias de seda, no abrigo *camel*, nos seus cabelos tan lisos que parecían de veludo. A principios de xuño, cando comezaba a ir calor, estaba alí de pé á sombra dun tileiro no centro da praza. Se queda, quéreme, dicía eu para min. Desde o pupitre non lograba vela (as contras estaban arrimadas por culpa do sol) e daquela a miña inquedaanza aumentaba até tal punto que, cando faltaban cinco minutos para a saída, xa non tiña ningunha esperanza de atopala. Porén, estaba alí, no sitio de sempre. Si, Sofia Vivier era unha boa nai.

O traxecto a pé que faciamos para volver á casa mudaba sempre. Podía suceder que para percorrer a mesma distancia un día tardabamos dez minutos e ao día seguinte máis dunha hora. En cada encrucillada enganábame a seguridade coa que collía dun xeito infalible a dirección equivocada. Algunhas veces chegabamos até as aforas da cidade, para acabar dando volta; outras, dun xeito absolutamente irracional, atopabámonos percorrendo camiños rurais, entre cultivos de tabaco e tomates que desprendían un forte cheiro

ao esterco. Cansábame irlle detrás, coas miñas pernas curtas. Ela miraba a miúdo ao seu redor, nerviosa. Cando enxergaba un coche ao fondo da estrada, apuraba o paso coma tentando alcanzalo. Nesa época eu ignoraba por que o facía e non entendía a desilusión na súa mirada cando finalmente atopabamos a rúa da casa.

Entre semana papá non viña xantar, así que tamén podíamos regresar tarde. Pasabamos pola entrada de atrás, un vello portón de madeira co que mamá fedellaba bastante tempo.

—Por que non entramos pola cancela? —pregunteille unha vez.

—Non, non, xa está —respondeu, empurrando con forza a chave na enorme pechadura, até que o portón se abriu cun lamento de gonzos enferruxados.

—Ves, Annetta? É só cuestión de paciencia.

E de súpeto ruborizouse, coma se estivese confiándome algo indecente.

A mesa xa estaba posta; a pouca comida, a tales horas fría, xa nos pratos. Mamá preparaba todo antes de saír: decisión insensata, vista a hora á que regresabamos. Pero esforzábase en ser unha boa nai. Metíase no seu papel con teimosía, aínda que nunca se sentía verdadeiramente á altura. (Naquela época aínda se ocupaba da casa).

Lembro cada detalle daqueles nosos xantares secretos comidos a deshora. As paredes claras do comedor, os bordos recamados do mantel e a suntuosa posta en escena, sempre a mesma: os pratos de porcelana, as copas de cristal, os cubertos de alpaca, a bandexa de prata, o tapete branco con dúas rebandas finísimas de pan enriba.

Sentabamos unha fronte á outra nos extremos da longa mesa de cerdeira. Eu enriba de tres coxíns, para chegar mel-

lor ao prato. Na súa copa, coñac (no bordo quedaba sempre unha mancha de lapis de labios), na miña, gasosa. Ás veces escapábaselle unha lágrima que secaba inmediatamente, tentando esquivar a miña mirada. Outras veces cadra que os ollos se lle humedecían sen decatarse. Daquela as lágrimas pingaban quentes no prato e ela tragábaas inconscientemente á vez que unha oliva ou un canapé.

Rematado o xantar, quitaba a mesa con présa por medo a que papá regresase antes de tempo e descubrixe o noso inocente teatro.

Durante anos miña nai practicou o contrabando na súa propia casa.

Porfiaba en comprar obxectos caros e inútiles —cristais de Daum, corais de Torre del Greco, porcelanas de Meissen— e de volta á casa corría a agochalos no arcaz do despacho. Cando despois dun tempo decidía sacar á luz algún, mostráballo a papá:

—Mira que bonito. Gústache? Unha ganga...

El limitábase a asentir, apalpando e sopesando a «ganga» para calibrar a verdadeira entidade da compra.

—Case nada, Antonio, de verdade... —insistía ela, apertando nerviosa os puños e loitando co chisco de orgullo que aínda lle quedaba.

Nos días seguintes, pola maneira na que eu a vía manexar as súas chilindradas e cambialas dun moble para outro, intuín que xa non lle gustaban. Era coma se a escuridade do arcaz as entristecese, as velase. Seguía tendo conta delas, si, pero coma unha enfermeira cun doente. Amaba aqueles obxectos polo mesmo motivo que a empurrou despois a amar o alcohol: atordábana. Pero cando pasaba o efecto, retorcía as mans, desesperada.

A infelicidade non é só unha categoría do espírito. Se fose así, se se tratase dun asunto exclusivamente íntimo, encerrado no máis profundo do noso ser, ninguén sería capaz de vela.

Non. A infelicidade é un lugar, un lugar físico, un cuarto escuro no que escollemos estar. Tanto é así que, cando acendemos unha luz, tapámola de súpeto para que ninguén poida abesourar dentro.

Foi a avoa Adelina a que lle aprendeu a miña nai a infelicidade. Non debeu ser complicado: Sofia era unha alumna aplicada. Desde nena xa preparara o seu bonito cuarto, e escolleu con coidado os mobles, as cortinas, as alfombras. Cando casou co meu pai, levouno con ela, coma un dote.

Toda a casa estaba pintada de branco, tamén aquel cuarto. Porén, alí dentro o branco daba sensación de frío. Na mesiña preto da fiestra, un cofriño de porcelana cheo de moediñas, un caderno de tapa negra coas páxinas bordeadas cun filete vermello e unha foto miña e de mamá xuntas (papá non estaba, profeticamente). No pequeno estante á dereita da poltrona de veludo, dúas ringleiras de libros.

As poucas veces que mamá sen querer deixaba a porta entornada, eu ilusionábame con poder entrar. Pero apenas me atrevía a achegarme, decontado volvía cerrar a porta.

Eu era unha nena obediente, pero unha vez (unha vez soa), non recordo tan sequera por que, abrí e entrei. Atopeina sentada na poltrona, mirando o baleiro, envolta na sombra que se esvaecía na alfombra nunha tímida luz arredor das pantuflas. Cando me viu, os seus labios emitiron

un lixeiro bruído e as súas mans buscaron a manta nas pernas, sen atopala.

—Perdóame —murmurou, bicándose o pelo.

Perdoala... Por que?